



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 14 de xaneiro de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 14 de xaneiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07/01/2019, que se aprobou por unanimidade.

### **PRP2019/190**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 14 de xaneiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 14 de xaneiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

#### **a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
AUTOESCUELA SALVORA, S.L.	B36015105	10.500,00 €	14/01/2019	SÍ
BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	B94040524	9.272,64 €	14/01/2019	SÍ
CULTURALIA INIC. CULTUR. Y PEDAG., S.L.	B94130515	6.649,50 €	14/01/2019	SÍ
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	285,00 €	14/01/2019	SÍ
FARIÑAS MARTIN, MIGUEL ANGEL	35463612G	1.936,00 €	14/01/2019	SÍ
FORMAGAL FORMACION Y SERVICIOS, S.L.	B36477677	750,00 €	14/01/2019	SÍ
GALIPAT SERVICIOS CULTURAI, S.L.	B70381074	18.150,00 €	14/01/2019	SÍ
GIMENEZ ABALO, FERNANDO	35449050R	1.936,00 €	14/01/2019	SÍ
PAZ DISMAC, S.L.	B36062180	8.939,17 €	14/01/2019	SÍ



b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **Propuestas** **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

### **PRP2019/127**

Vista a proposta do Servizo de Protocolo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Paz Dismac SL** para o subministro de papel para diversos Departamento da Administración Xeral, por un importe total de 8.939,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000:

- 2.500 paquetes DIN A-4 NAVIGATOR 80 GRS. 500 follas
- 65 Paquetes DIN A-3 NAVIGATOR 80 GRS. 500 follas

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/128**

Vista a proposta do Servizo de Protocolo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Fernando Giménez Abalo** para o mantemento dos reloxos do edificio do Concello (fachada) e Obelisco para o ano 2019, por un importe total de 1.936,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/129**

Dáse conta da publicación no BOP de Pontevedra de 28 de decembro de 2018, de Anuncio da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia pola que se ordena a incoación de expediente de información pública do proxecto de Urbanización en Avda. As Carolinas, Carretera N-640A, PK 237+200. TM Vilagarcía de Arousa, cun prazo de exposición de 20 días hábiles.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2019/131**

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa para levar a cabo o proxecto de Acondicionamento da Vía Verde do Salnés – I Fase construtiva, polo que a Deputación Provincial se compromete a achegar a cantidade de 200.000,00 € e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa financiarán o importe restante, é dicir 156.186,87 €, coa seguinte desagregación:

- Portas: 18.392,35 €
- Caldas de Reis: 53.675,11 €
- Vilagarcía de Arousa: 84.119,41 €

A Xunta de Goberno local queda sabedora.



#### **PRP2019/180**

Dáse conta da publicación no BOP de Pontevedra de data 9 de xaneiro de 2019, das Bases de subvencións para a rehabilitación e sinalización do patrimonio Histórico-Cultural dirixidas aos Concellos da Provincia de Pontevedra para o ano 2019 (procedemento SIA 688053), rematando o prazo para a presentación das solicitudes o 8 de febreiro de 2019. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/181**

Dáse conta de escrito presentado por **D. Marcos López García** solicitando a instalación dun espello na Rúa Fiuncho, á altura dos números 11 e 13, para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen dos garaxes das citadas edificacións.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espellos efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios de ambos garaxes.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

#### **PRP2019/185**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación á finalización da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Casco Vello, a instancia de **D. Oscar Álvarez González**, no lugar de Rúa Alcalde Rey Daviña nº 9, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións, no edificio ou vivenda, e a persoa beneficiaria, cumpre os requisitos do Plan Estatal 2013-2016, ao abeiro dos Acordos da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Insituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Vilagarcía, para o financiamento das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013 de 5 de abril, por el que se regula del Plan Estatal de Fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016; e na Orde 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

Coa data de 10/09/2018 solicitouse cualificación provisional que foi resolta favorablemente e asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente o día 10/10/2018.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a finalización do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións aos efectos de solicitude de cualificación definitiva. (ARRU.C. VELLO.01/2018)

#### **PRP2019/186**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación á finalización da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Vilaxoán, a instancia de **D. Vicente Quintáns Bravo**, no lugar de Rúa Alfredo Saralegui nº 33-3º D, que indica que:



O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións, no edificio ou vivenda, e a persoa beneficiaria, cumpre os requisitos do Plan Estatal 2013-2016, ao abeiro dos Acordos da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Vilagarcía, para o financiamento das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013 de 5 de abril, por el que se regula del Plan Estatal de Fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016; e na Orde 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

Coa data de 10/09/2018 solicitouse cualificación provisional que foi resolta favorablemente e asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente o día 9/10/2018.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a finalización do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións aos efectos de solicitude de cualificación definitiva. (ARRU.VIL.01/2017)

#### **PRP2018/4635**

Dáse conta do recurso de alzada presentado por D. Mario Hermo Alonso, Presidente do **CLUB KENPO VILAGARCÍA**, contra o acordo do Consello Reitor de data 4 de xullo de 2018, de non concesión de subvención, segundo as bases da convocatoria de subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, ano 2018, correspondente á tempada 2016/17 ou exercicio 2017.

Visto o informe emitido pola Secretaria Delegada da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso presentado, dado que se mantén o incumprimento das devanditas bases da convocatoria de subvencións, posto que, en todo caso, presenta a documentación “fora de prazo”. Polo que en aplicación da lexislación vixente sinalada e as bases da convocatoria non procede a aprobación da concesión da subvención para o Fomento do Deporte Federado 2018 do Club Kenpo Vilagarcía.

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Benestar Social**

#### **PRP2019/175**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 4.000,00 € ao abeiro do Plan Concellos 2019 – Liñas 2 e 3 (publicada no BOP nº 242 de 18 de decembro de 2018), para o Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Educación en Valores - Cinensino”.

- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade: Educación en Valores - Cinensino, cun orzamento total de 6.649,50 € (IVE incluído), que inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos, material e xestión por parte dunha entidade externa.

- Contía solicitada: 4.000,00 €

- Aportación do Concello 2.649,50 €



#### **PRP2019/176**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Culturalia, Iniciativas Culturales y Pedagógicas SL** o contrato menor para a dinamización e posta en marcha do proxecto “Educación en valores - Cinensino”, a desenvolver durante o ano 2019 (curso escolar 2018-19 e primeiro trimestre do curso escolar 2019-20), por un importe total de 6.649,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22643 (POS19 3 nº 01/09/19)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/177**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 9.000,00 € ao abeiro do Plan Concellos 2019 – Liñas 2 e 3 (publicada no BOP nº 242 de 18 de decembro de 2018), para o Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Proxecto de formación vial para a inserción sociolaboral”.

- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade: “Proxecto de formación vial para a inserción sociolaboral”, cun orzamento total de 10.500,00 € (IVE incluído), que inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos, material e xestión, coordinación e desenvolvemento por parte dunha entidade externa.

- Contía solicitada: 9.000,00 €

- Aportación do Concello 1.500,00 €

#### **PRP2019/178**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado e a adxudicación a favor de **Centro de Formación de Seguridade e Educación Vial Salvora** do contrato menor para o desenvolvemento do proxecto “Formación Vial para a inserción sociolaboral”, para a formación de 15 persoas, por un importe total de 10.500,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22643 (POS19 Nº 01/10/19).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/179**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda a contratación con **BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L.** para actuacións de limpeza, mantemento e conservación de espazos naturais de uso público na contorna do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2019, por un importe total de 9.272,64 € (IVE incluído), con cargo ás partidas 231.22799 e 171.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/5671**



Dáse conta do recurso de reposición presentado por **Bonecos SL** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2018, no que se acordaba:

“PRIMEIRA: Que se recoñeza o dereito á devolución a favor de Dona Marta López Méndez da cota correspondente á quincena que o seu fillo non asistiu á Escola Infantil Municipal (54,31 €)  
SEGUNDA: Que se recoñeza o dereito á devolución a favor do Concello da parte correspondente á aportación deste á concesionaria polo menor indicado (45,62).

Dáse conta do informe a Coordinadora do Servizos Sociais, no que se indica.

1.- As cotas correspondentes de pago das unidades familiares que asisten á Escola Infantil Municipal, regulanse polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro. Os prezos son aboados directamente polos interesados á entidade concesionaria da Escola Infantil Municipal, sendo aboada polo Concello á citada entidade a diferenza resultante das bonificacións aplicadas ás unidades familiares.

2.- Ao interesado/a correspondeulle unha cota de 144,53 € con comedor para o curso 2016/2017. No mes de agosto de 2017, o Concello ingresou á Escola Infantil Municipal a subvención correspondente pola diferenza entre a cota aboada pola unidade familiar e o importe total da praza: 91,24 €.

3.- No mes de maio estableceuse na Escola Infantil Municipal un período de consulta do mes de vacacións a disfrutar polos menores: a unidade familiar interesada comunicou á Escola que estas serían na segunda quincena de agosto.

4.- A resolución do 28 de febreiro de 2017 da Axencia Galega de Servizos Sociais, recolle no Artigo 6.2 “Aboaranse once mensualidades por curso, agás nos casos establecidos no artigo 5.1.a) do Decreto 49/2012: “Suspensión temporal da cota: perante o mes de vacacións anual do neno”.

5.- Atendendo ao anterior, a pesar de que nas propias normativas non se contempla explicitamente a posibilidade de disfrutar de 15 días de vacacións, ou, no seu caso, a posibilidade de que o mes de vacacións fose disfrutado de xeito partido, e tendo en conta a función de conciliación familiar, laboral e persoal das Escolas Infantís, valórase a procedencia da devolución dos quince días que o menor non asistiu ao centro por vacacións.

6.- Por outra banda, de acordo co sinalado no punto 1, de ser aprobada a devolución da cota ao interesado (54,31 €), dita devolución corresponderíalle á entidade concesionaria da Escola Infantil, sen prexuízo da correspondente devolución da aportación realizada polo Concello á concesionaria (45,62 €) nos termos que se establezan”.

A Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro:** Desestimar o recurso presentado por Bonecos SL, dado que non variaron as circunstancias que serviron para fundamento de feito nin os fundamentos de dereito, mantendo por tanto o dereito á devolución a favor de Dona Marta López Méndez da cota correspondente á quincena que o seu fillo non asistiu á Escola Infantil Municipal (54,31 €)

**Segundo:** Que pola concesionaria Bonecos SL se ingrese a totalidade da cantidade ao Concello, procedendo este a devolver á usuaria o importe indebidamente ingresado.

## **Emprego**

### **PRP2019/147**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2018 de aprobación orzamento presentado por **Maderas J Redondo SL** para o subministro de madeira para a obra a realizar pola especialidade de Carpintería do Obradoiro de Emprego, figurando no mesmo por un importe total de 1905,50 € (IVE incluído)

E debendo figurar: por un importe total de 905,50 € (IVE incluído)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

### **PRP2019/156**



Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 18 Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Formagal Formación y Servicios LS**, por un importe total de 750,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22799, para a realización dun Curso de Prevención de Riscos Laborais de nivel básico, de 30 horas, modalidade presencial, para a especialidade de Promoción Turística Local do citado Obradoiro de Emprego.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2019/150**

Dáse conta de publicación no DOG de 26 de decembro de 2018, da Orde da Consellería de Cultura e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local acorda participar na convocatoria, e en consecuencia, solicitar subvención para dous programas:

Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Programa B: Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas.

#### **PRP2019/151**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira SL** para aluguer dun autobús para o desprazamento dun grupo de alumnado, profesorado e pais e nais de alumnos/as do Conservatorio Profesional de Música a Vigo o día 31 de xaneiro, para asistir a un Concerto da orquestra Sinfónica de Galicia no Auditorio Mar de Vigo, por un importe total de 285,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/152**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e a Convocatoria do Plan Concellos 2019 (Liña 2), publicadas no BOP nº 242 do 18 de decembro de 2018, enmarcado na Base Oitava, Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes; para o programa gasto corrente novo para “Gastos de limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música”, por un importe de 18.181,00 €



- Aprobar a memoria descriptiva e valorada do gasto corrente novo: Limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2019).

#### **PRP2019/153**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e a Convocatoria do Plan Concellos 2019 (Liña 2), publicadas no BOP nº 242 do 18 de decembro de 2018, para a II Edición do Festival Internacional de Música clasclas, por un importe de 30.652,58 €
- Aprobar a memoria descriptiva e valorada da actividade “Gastos derivados da celebración do II Festival Internacional de Música clasclas” Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2019), cun orzamento total de 31.000,00 €.

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Muller e persoas maiores**

##### **PRP2019/155**

Dáse conta da convocatoria Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2019) da Deputación Provincial de Pontevedra, publicada no BOP nº 242 do 18 de decembro de 2018).

Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para a realización dun Programa de sensibilización, intervención e recuperación persoal en igualdade de xénero, por un importe de 10.500,00 € coas seguintes actividades:

- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural.
- Obradoiro de Arteterapia para mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Curso de formación ocupacional para mulleres en situación de vulnerabilidade en Auxiliar de carnicería e pescadería.

Así mesmo acórdase aprobar a memoria descriptiva para o Programa de sensibilización, intervención e recuperación persoal en igualdade de xénero, cun orzamento total de 12.000,00 €, e o cofinanciamento por parte do Concello de 1.500,00 €.

### **ASUNTOS DE CULTURA**

##### **PRP2019/157**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2019 (Liña 2: amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídas actividades culturais, deportivas, actividades sociais, turísticas e medioambientais) para a actividade “Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2019”, por un importe de 32.000,00 € (IVE incluído).
- Aprobar o orzamento para a citada actividade, que ascende a 41.198,08 € (IVE incluído) cunha aportación por parte do Concello de 9.198,08 €

### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

##### **PRP2019/159**

Dáse conta de que a Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2018 acordou adjudicar á Empresa **Eulen Seguridad SA** o contrato menor de servizos de vixilancia e seguridade nas





instalacións do SPAD, para prestar servizo os meses de setembro a decembro, ambos inclusive.

Dado que se están realizando os trámites para unha nova licitación do servizo, e sendo necesaria, por razóns de interese público, a prestación do servizo ata que se proceda a unha nova adxudicación e comece a prestación do servizo da nova empresa adxudicataria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a continuidade da prestación do citado servizo pola **Empresa Eulen Seguridad SA** por un período de 6 meses, nas mesmas condicións nas que se ven prestando na actualidade, e ata a nova adxudicación do servizo.

#### **PRP2019/160**

Vista a proposta da concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “Coordinación de Seguridade e Saúde das obras da 1ª Fase da Humanización da Rúa Cervantes en Carril”, a **D. Miguel Angel Fariñas Martín**, por un importe de 1.600,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 336,00 €, o que totaliza un prezo de adxudicación de 1.936,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

E sen máis asuntos que tratar, ás 14:10 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.